

“Concursos públicos e competencia”.

José Antonio Varela González, Presidente del TGDC.

**Artículo publicado el domingo, 21 de febrero de 2010 en el suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

A colusión de operadores económicos na presentación de ofertas a concursos públicos ten importantes custos económicos para a Administración, polo que esa conduta debe ser perseguida. No marco da política de defensa da competencia constitúe unha das prácticas sancionables. Neste marco, a Comisión Nacional de la Competencia penalizou recentemente a catro empresas cunha multa de 7 millóns de euros por repartirse o mercado da xestión de residuos sanitarios dos hospitais públicos. Para acadar o reparto do mercado, as empresas presentábanse dun xeito selectivo ás licitacións publicas e actuaban nelas de forma fraudulenta.

Ter unha actuación activa na identificación e sanción das prácticas colusorias en concursos públicos é importante por dous motivos. En primeiro lugar, pola significativa privatización de servizos locais realizada en moitos lugares. En segundo, polos resultados acadados na investigación neste eido que, aínda que limitada, pon en evidencia a existencia de prácticas restritivas da competencia.

Un dos servizos públicos privatizados en moitos concellos da Unión Europea é o da recollida de residuos sólidos (lixo). Este servizo, necesario en todos os núcleos de poboación, é un dos servizos locais máis importantes dende o punto de vista económico. O servizo de recollida de lixo pode ser realizado por operadores públicos ou por empresas privadas. Neste último caso as empresas operan en base á concesión, por un número de anos determinado, obtida nun concurso público.

A motivación principal para a privatización do servizo atópase na realización de aforros en custos: dado que o servizo ten custos fixos significativos, se o tamaño dun concello non resulta óptimo dende o punto de vista da produción, a provisión do servizo por unha empresa, privada, que opere en varios concellos debería permitir obter economías de escala; é dicir, se o tamaño do concello é pequeno dende o punto de vista das eficiencias da produción, unha única empresa actuando en varios concellos sería tecnicamente máis eficiente.

Outro argumento a favor da privatización vincúlase aos incentivos. Xa que os responsables privados, a diferenza dos públicos, poden

demandar os dereitos de propiedade das innovacións, considérase que as empresas privadas teñen máis incentivos para desenvolver e implantar innovacións redutoras de custos.

Unha terceira razón é que a privatización pode promover á competencia. Agora ben, cando se fala de competencia nos servizos locais non se está a referir á competencia no mercado, é dicir, entre diversos operadores que subministran o servizo aos cidadáns, o que xeralmente non é posible nin eficiente pois normalmente o óptimo é que unha única empresa provea o servizo no concello correspondente. A competencia a que se fai referencia neste caso é a competencia polo mercado, é dicir, a competencia polo contrato.

Promover a competencia nos concursos públicos é relevante pois cando non se produce de feito unha competencia efectiva, non se acadan os aforros de custos asociados teoricamente á privatización. Nesta liña sitúanse, por exemplo, os profesores Bel e Fageda que, na súa análise dos servizos locais de recollida de lixo nos concellos de máis de mil habitantes de Cataluña. Tras identificar unha estrutura de mercado dual, que se manifesta nunha elevada concentración das empresas importantes nos concellos grandes e monopolios locais nos máis pequenos, sinalan que a mesma ten como efecto que o número efectivo de competidores que se presentan aos concursos sexa baixo, o que limita negativamente o aforro de custos polas Administracións locais. A falta de competencia efectiva nos concursos públicos é tamén a explicación dada nos estudos empíricos, realizados en diferentes países, que non atopan relación entre o subministro do servizo por empresas privadas e menores custos do servizo.

A identificación e sanción das condutas colusorias en concursos públicos require da colaboración entre os organismos administrativos prexudicados e as autoridades de defensa da competencia. Os primeiros deben proporcionar a información relativa á presunta conduta colusoria aos segundos, xa que sen dita información non resulta posible realizar a necesaria instrución e avaliación.